



**DESTINATARIO:**  
**MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO:**

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POLO**

**PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:**

**OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DO  
CONCELLO DE VIGO. LOTE 2.**

**INFORME:**

A mesa de contratación celebrada o pasado 26 de novembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras para a “Obras de mellora de infraestructuras nas parroquias do Concello de Vigo. Lote 2”.

Resultando admitidas as empresas que se indican a continuación:

- Copcisa
- Eiriña.
- UTE Crespo-Casas.
- Oresa.
- Construcciones Dios.
- Ramírez.
- Covsa.

Nas FEC, apartado 8.A. establecéncense os criterios valorables mediante xuízo de valor, sendo textualmente os seguintes:

**a.1.- Memoria construtiva dos criterios de ejecución técnica da obra**

Atendendo a necesidade de valoración do grado de coñecemento do proxecto da obra, así como dos procesos derivados da execución da mesma por parte do licitador, procederase a valoración ata un máximo de doce (12) puntos a achega dunha Memoria construtiva dos criterios de ejecución técnica da obra, que deberán ter en conta o análise da actuación a desenvolver, o estudio do ámbito de actuación, así como a proposta de implantación na obra e súa planificación sobre o período de execución.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de ejecución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:



- a. Ata **2 puntos**. A descripción analítica e detallada do proxecto, así como unha análise dos aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra (actividades importantes da execución da obra, subministros de materiais, acopios, etc). Dita memoria debe contemplar todos os condicionantes definidos no proxecto, determinando o grado de incidencia na execución da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1. Descripción detallada das actuacións recollidas en proxecto con esquemas e planos.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*2. Análise dos aspectos principais que poidan incidir no desenvolvemento da obra.*

*3. Descripción de todas as unidades que se incluen no proxecto.*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

- b. Ata **5 puntos**. A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e que presenten unha explicación gráfica. Deberán describirse as afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (trafico, climatolóxicos, usos específicos do entorno) así como as medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotidianas do entorno, ditos aspectos recóllese definidos nos proxectos de maneira indicativa, polo cal deben de analizarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1. Información gráfica detallada e analizada do ámbito de actuación.*

*2. Descripción gráfica dos desvíos de tráfico propostos.*

*3. Xustificación dos coeficientes climatolóxicos de reducción do rendemento en obra.*

*4. Descripción dos condicionantes do entorno importantes para a execución da obra.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*5. Información gráfica do ámbito de actuación.*

*6. Descripción dos desvíos de tráfico.*

*7. Información da implantación de casetas, acopios, cartel de obra...*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

- c. Ata **5 puntos**. A análise e descripción da planificación da obra en relación os equipos materiais e humanos adscritos a obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación os prazos de execución propostos. Dita proposta deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente a peculiaridade da obra co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1. Planificación diaria dos traballos.*

*2. Planificación e evolución dos costes da obra.*



3. Desenrolo extenso das unidades de obra dentro da planificación.

4. Xustificación rendementos equipos.

5. Xustificación rendementos unidades de obra.

6. Descripción dos condicionantes da obra respecto o prazo de execución.

Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:

7. Diagrama de Gant

8. Camiño crítico.

A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.

#### a.2.- Plan de control de calidade:

Para a valoración deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos a achega dunha Memoria sobre os plans de calidade, que o licitador propoñerá para a execución da obra.

A valoración da Memoria sobre os plans de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- a. Ata 2,5 puntos. A descripción analítica e detallada dos plans de controis de calidade a executar a maiores dos contemplados no proxecto. Dita memoria deberá recoller a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, os cales deberán ter unha incidencia directa no obxecto da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se presente un plan de ensaios con indicación clara do tipo e nº de unidades dos ensaios, estes sexan acordes a obra en cuestión, se ensaien tódalas unidades necesarias e se xusitifique o plan a maiores do de proxecto.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada unha das unidades de proxecto que non se presenten ensaios e se considere necesario.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima cando non se presente:*

1. Indicación clara de número e tipo de ensaios a levar a cabo.

A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.

- b. Ata 2,5 puntos. A descripción analítica e detallada dos plans de auto control interno da empresa directamente relacionados coa execución do obxecto da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se presente descripción detallada dos procedementos internos de I+D+i, xestión de residuos, prácticas medioambientais e de calidade.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

1. Descripción procedementos internos de I+D+i e exemplos.

2. Descripción detallada e específica dos procedementos internos para a obra en cuestión relativa a xestión de residuos.

3. Descripción procedementos internos de prácticas medioambientais.

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima cando non se presente:*

4. Descripción dos procedementos internos de calidade.

A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.

#### a.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:



Se valorará ate un máximo de **tres (3)puntos** o desenvolvemento dunha memoria descriptiva que deberá contemplar a descripción das boas practicas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético, e por outro lado as actuación para a reducción das emisións contaminantes á atmosfera.

*Outorgaselle 3 puntos a aquellas memorias que presenten un estudio pormenorizado das medidas a empregar, adaptado a obra en cuestión e xustificativo das reduccións e aforros.*

*Outorgaselle 2 puntos a aquellas memorias que presenten un estudio das medidas a empregar, adaptado a obra en cuestión e xustificativo das reduccións e aforros e que non acadan un grado de desenvolvemento comparable o indicado no apartado anterior .*

*Outorgaselle 1 punto a aquellas memorias que presenten un estudio das medidas a empregar sen presentar xustificación das reduccións e aforros ou cun alto grado de xeneralidades.*

*Outorgaselle 0 puntos cando a exposición conteña aspectos contradictorios.*

Cando algúns dos apartados anteriores non cumpla cos requisitos de tamaño de arquivo máximo ou do nº de follas máximas descritos no apartado 7.A das FEC, a valoración do mesmo será de (cero) 0 puntos.

## VALORACIÓN DAS OFERTAS

Analizadas, según estes criterios, as distintas ofertas, os resultados son os que se detallan na táboa que se achega:

AC/ec

Vigo, 29 de novembro de 2013

O Xefe de ÁREA de Fomento

Álvaro Crespo Casal



PARROQUIAS LOTE 2 (COUTADA, CONCELLO LAVADORES, FALCOA, IGREXA VALLADARES)

171.357,47 €

LICITADOR	DESCRIPCIÓN ANALÍTICA DO PROXECTO (2 PUNTOS)	ASPECTOS QUE NON PRESENTA	ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN E PROCESOS DE IMPLANTACIÓN (5 PUNTOS)	ASPECTOS QUE NON PRESENTA	PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA (5 PUNTOS)	ASPECTOS QUE NON PRESENTA	TOTAL PUNTOS MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DE OBRA (12 PUNTOS)	ENSAIOS DE CONTROL DE CALIDADE (2,5 PUNTOS)	ENSAIOS QUE NON PRESENTA	PLAN DE AUTOCONTROL INTERNO (2,5 PUNTOS)	ASPECTOS QUE NON PRESENTA	TOTAL PUNTOS PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (5 PUNTOS)	PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS (3 PUNTOS)	PUNTUACIÓN TOTAL	OBSERVACIÓNS PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN
COPCISA	0,8	1_3	1	5_6	4	6	5,8	2	Impermeabilización	2	2	4	1	10,80	
EIRIÑA	1 e	1	4	2	5		10,6	2	Impermeabilización	1,5	1_2	3,5	1	15,10	
UTE CRESPO-CASAS	0	1_2_3	0	Non presenta información para este apartado	2	3_5_6	2	2	Impermeabilización	1,5	1_2	3,5	1	6,50	PRESENTA CD ÚNICO PARA OS TRES LOTES
ORESA	0,8	1_2	0	5_6_7	0	1_3_4_5_6_7	0,8	2	Impermeabilización	1	1_2_3	3	1	4,80	PRESENTA CD ÚNICO PARA OS TRES LOTES
DIOS	0,8	1_3	0	2_4_5_6	4	6	4,8	2,5		1,5	1_2	4	1	9,80	
RAMIREZ	0,8	1_3	0	2_4_5_7	0	2_3_4_5_6	0,8	2	Impermeabilización	1	1_2_3	3	2	5,80	PRESENTA CD ÚNICO PARA OS TRES LOTES
COVSA	0,8	1_3	2	1_2_4	4	6	6,8	2	Impermeabilización	1,5	1_2	3,5	2	12,30	

O Xefe de Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal